

- [SUPLEMENTOS](#)
- /
- [Contexto](#)

Samir Amin: “Washington non quere a democracia para Exipto”

“EUA, os países do Golfo e Israel queren evitar un réxime verdadeiramente democrático, antiimperialista e independente da estratexia de Obama en Oriente Próximo”

RICARDO RODRÍGUEZ 01/05/2011 - 20:00 h.

Non entendes unha palabra? Faille dobre clic



0 Comentarios

1 voto/s
Vota

A revolución exipcia que derrocou a ditadura de Mubarak está en perigo. E a principal ameaza represéntaa a superpotencia mundial que nas horas previas á caída do Faraón pedía unha “transición rápida e ordenada” cara á democracia para instaurar decotando a súa axenda neoliberal. Afirmao Samir Amin (O Cairo, 1931), economista e un dos pensadores marxistas máis influentes da súa xeración, quen olla con escepticismo as manobras do “bloque reaccionario” no seu país contra os movementos que lideraron a revolta. Defensor da desconexión dos países subdesenvolvidos co sistema capitalista e moi crítico coa globalización, Amin considera un paso adiante o acordo de reconciliación entre Hamás e Al Fatá e cualifica o proceso de paz iniciado en setembro de 2010 de “mentira”.

Mubarak xa non está, pero que hai do seu réxime? Está a guiar o Exército e o país cara a unha democracia que rache coa ditadura?

Exipto vén de entrar nunha nova etapa que vai ser moito máis longa que unha transición de semanas ou meses. Será un período de loitas, porque o movemento está formado de compoñentes moi activos. Por unha banda está a xente nova politizada, máis dun millón. Pola outra, a tradicional esquerda, o movemento comunista en xeral, e en terceiro lugar a clase media democrática –non a burguesía–. Estas forzas activas teñen tres obxectivos. O primeiro é a democratización da sociedade que é moito máis ca eleccións; en segundo lugar, unha clara posición antiimperialista, contra o restabelecemento da posición de dependencia de Exipto no terreo internacional, e en terceiro lugar un sentimento social de desprezo ao neoliberalismo e as desigualdades crecentes. Porén, o bloque reaccionario é bastante poderoso e é algo que non debería pasarse por alto. Grosso modo, está integrado pola burguesía exipcia, vencellada á corrupción e ao sistema neoliberal, do se se teñen beneficiado considerabelmente, e que dispón de instrumentos moi útiles coma a cúpula do exército. Pero nese bloque tamén están os líderes dos Irmáns Musulmáns, que teñen unha excelente posición económica e están asociados a ese sistema. Este bloque reaccionario está sustentando por tres aliados íntimos que son EUA, os países do Golfo, nomeadamente Arabia Saudí, e Israel. Todos teñen un interese común en que Exipto non acabe sendo un país democrático porque, de acadalo, non sería posibelmente socialista, pero estaría socialmente orientado e sería antiimperialista e independente da estratexia dos EUA na rexión e a nun eido global.

Veremos polo tanto unha estratexia neoliberalista dirixindo o país axiña?

Ese é o obxectivo dos EUA, que sempre apoiou o islam político, non só en Exipto senón en toda a rexión. Non hai que esquecer que apoiaron os talibán, non só durante a invasión soviética de Afganistán, senón tamén antes contra o chamado réxime comunista afgán. Todos estes aliados dos que falo teñen un programa común para Exipto, que os EUA anunciaron ao principio das protestas. Obama avogou por unha “transición rápida e ordenada”, isto é, unha transición que deixase nos seus postos os membros do antigo réxime, e unhas eleccións no menor tempo posíbel. E uns comicios rápidos son o mellor xeito de parar a democratización dun país antes de que os cidadáns conseguisen organizarse. O movemento está loitando precisamente por unha longa transición para que os partidos democráticos e de esquerdas, os novos sindicatos e os labregos que loitan contra as expropiacións dos terratenentes poidan organizarse e concorrer logo a unhas eleccións. Pero os EUA queren eses comicios rápidos. E aceptarían o resultado das eleccións mesmo se os Irmáns Musulmáns vencesen. De feito xa lles deron o seu particular certificado ao asegurar que se estaban a converter nun partido democrático, o que é unha mentira, unha gran mentira.

Quen son os Irmáns Musulmáns?

Son un partido do islam político establecido en 1927. E dende o seu inicio foron unha forza antidemocrática, apoiados daquela polos británicos que ocupaban Exipto, e cuxo obxectivo era opoñerse ao movemento democrático do Partido Wafd durante os anos vinte e trinta do século pasado. Recentemente, houbo unha serie de folgas importantes en Exipto, as máis sobranceiras en 50 anos en África, e condenáronas. Os Irmáns Musulmáns son moito menos populares do parece. Os medios de comunicacións presentáronos coma o partido que representa a grande maioría. Pero isto non é certo. Durante a insurrección, con cincuenta millóns de persoas nas rúas, non se puido ver nin un só slogan musulmán. E até o quinto día condenaron a insurrección. Tense dito que os Irmáns Musulmáns representaban a oposición a Mubarak, pero iso é simplemente unha mentira. Sadat e Mubarak entregaron aos irmáns musulmáns importantes institucións coma a educación, a Xustiza e mesmo a Televisión, así que non eran a oposición, senón parte do sistema. Iso non significa que moitas persoas das clases populares que os seguiron fosen conscientes de que os seus líderes eran parte dese sistema.

Os EUA permitiron que Hamás entrase no xogo democrático en Palestina, pero condenaron o seu goberno despois de gañar as eleccións de 2006. Podería correr o mesmo risco Exipto se un partido non desexado por Washington acabase gañando as eleccións?

Por suposto. Non deberíamos crer todo ese discurso sobre a democracia dos EUA porque é unha mentira. É bastante obvio que se trata dunha falacia. Introduciron os estadounidenses a democracia en Iraq? Está claro que destruíron a ditadura de Saddam Hussein, pero substituírona por tres ditaduras, a dos xiítas, a dos sunitas e a dos curdos, e crearon as condicións para unha guerra civil. Os EUA nunca promoveron a democracia. E semella que os europeos están a seguir os estadounidenses neste eido. Unha delegación do Parlamento Europeo veu visitar recentemente Exipto. Os deputados de dereitas e os socialistas reuníronse exclusivamente coa parte reaccionaria que está contra o movemento, isto é o chamado goberno de transición e os altos mandos do Exército e os Irmáns Musulmáns, pero non coas forzas do movemento.

Israel olla con escepticismo a transición exipcia. Teme unha verdadeira democracia?

Israel odia a democracia en Exipto, porque sabe que unha democracia non apoiará –como fixo o réxime de Mubarak– a expansión de Israel nos Territorios Ocupados e a destrución do pobo palestino. Un goberno exipcio democrático tería unha posición moi diferente ao respecto nos foros mundiais e non se asociaría con Israel nun chamado proceso de paz que foi concibido para promover a colonización de Palestina. Netanyahu apoiou a Mubarak até os últimos estertores do seu réxime e cando caeu manifestou a súa preocupación polo que estaba a acontecer en Exipto.

O acordo de reconciliación entre Hamas e Al Fatá enmárcase nas revolucións árabes?

Penso que debería verse coma algo moi positivo e, de feito, reflicte en parte ese clima de loita pola democracia e independencia que emana das revolucións nos países árabes. Claramente iso debeu forzar as dúas faccións enfrontadas a xunir esforzos. E iso é algo que Israel non quere e que deixou moi claro estes días. Israel sostén que ese pacto fará moito máis complexo o acordo de paz. Un proceso de paz que Israel nunca respectou, estendendo a colonización polos Territorios Ocupados.

Teme Israel un goberno forte palestino que ose declarar un estado independente se o proceso de paz se atoa?

Pero é que non hai proceso de paz! Iso é outra mentira! O principio básico desa paz sería que Israel recoñecese a Palestina, non que os palestinos recoñecesen a Israel. Israel aínda non recoñeceu a Palestina e o que estamos a contemplar é un proceso de colonización. Que paz pode haber se están a desposuír das súas terras os palestinos?

Que está a ocorrer en Siria?

Non me gustaría falar moito de Siria porque non sei exactamente cales son os elementos que compoñen ese proceso de revoltas. Obviamente, hai unha protesta popular, pero quen son elementos activos? Até que punto estes elementos son democráticos ou son coma os Irmáns Musulmáns? Até que punto o partido Baath pode dar pasos cara ás reformas? Nada está claro. Nin o goberno de Bashar Al Assad nin ese movemento de oposición están a dar respostas. A diferenza entre o que acontece en Siria e Exipto é obvia: os obxectivos do momento exipcio podíanse ler nos cartaces exhibidos na praza de Tahrir. En Siria, non vimos nada semellante.

E que hai de Libia? Houbo outras razóns para intervir alén das humanitarias?

Libia é un caso moi diferente de Exipto e Tunisia, nos que houbo un forte apoio popular ao movemento. En Libia non aconteceu nada diso. A ditadura de Gadafi foi mudando a súa retórica sen que ecoase na sociedade. Durante algún tempo, o réxime empregou o discurso socialista, e logo moveuse dun xeito brutal cara ao neoliberalismo. Foi daquela cando Gadafi entregou o petróleo ás compañías occidentais. Un podería preguntarse: que esperan os países que interveñen en Libia se xa controlan os recursos enerxéticos? Quizabes temían que Gadafi

puidese cambiar de opinión e darlles o petróleo a China, India ou Brasil. Amais, non sabemos quen son aqueles que se ergueron contra Gadafi porque nunca expresaron cales eran os seus obxectivos. Quizais sexan demócratas pero o que é seguro é que pertencen ao islam político, ao peor, e que tamén son rexionalistas, porque Libia non ten o grao de cohesión que teñen Tunisia ou Exipto. Pero os EUA teñen un obxectivo militar. Washington creou Africom, un mando militar para África, con sede en Stuttgart. Pero precisan trasladar esa sede a África e até o momento ningún país da UA aceptou a súa presenza. Se conseguen establecer un goberno marioneta en Libia, quizabes Africom podería asentarse en África.

Conoces nuestra edición en papel?



Xornal

SUSCRÍBETE AQUÍ

Si te gusta Xornal.com, compártenos con tus amigos.
Disfruta de la libertad de expresión.

